



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AMES

*Convocatoria do proceso selectivo para a cobertura por promoción interna dunha praza de oficial xardineiro do Concello de Ames mediante o procedemento de concurso oposición*

#### ANUNCIO

*Convocatoria do proceso selectivo para a cobertura por promoción interna dunha praza de oficial xardineiro do Concello de Ames mediante o procedemento de concurso oposición.*

Por Acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 18 de febreiro do 2021 resolveuse a aprobación das bases dun proceso selectivo para a cobertura por promoción interna dunha praza de oficial xardineiro, e que se transcriben a continuación:

**BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A A COBERTURA POR PROMOCIÓN INTERNA DUNHA PRAZA DE OFICIAL XARDINEIRO MEDIANTE O PROCEDEMENTO DE CONCURSO OPOSICIÓN. OFERTA EMPREGO PUBLICO 2018.**

#### PRIMEIRA.- Obxecto e Previsións XERAIS

1. A presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de oficial de xardineiro que figura como vacante no cadro de persoal laboral do Concello de Ames e ten sido prevista, para quenda de promoción interna, na súa oferta de emprego público do ano 2018 (BOP nº 246, de 27 de decembro de 2018).

2. Esta convocatoria e proceso selectivo de promoción interna desenvolverase na modalidade de promoción interna vertical, segundo o definido, ao efecto, no artigo 16.3 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TRLEBEP), artigo 75 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (en adiante LEPG), e artigos 60 a 62 do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Ames

3. O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, que se desenvolverá con arranxo ao previsto nas presentes bases.

#### SEGUNDA.- Características da vacante convocada.

Clase de persoal.- Laboral Fixo

Denominación: Oficial xardineiro

Clasificación: Grupo C, subgrupo C2, nivel 16

Complemento de destino mensual (2020): 379,77 euros

Complemento específico mensual (2020): 440,70 euros

Funciós: As correspondentes ao posto e servizo de adscrición, segundo RPT municipal e/ou instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherentes.

Retribucións: As básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias fixadas, para o posto de adscrición correspondente, na RPT vixente (e sen prexuízo daquelas de índole variable ás que, no seu caso, se poida ter dereito).

Xornada de traballo: Completa

#### TERCEIRA.- Requisitos dos aspirantes.

1. Para poder tomar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (en adiante LEPG), e restante normativa concordante, permita o acceso á praza de persoal laboral convocada

2. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, que impida o acceso á praza de persoal laboral agora convocada.

No caso de nacionais doutros Estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

3. Non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

4. Estar en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

5. Ter a condición de persoal laboral fixo ao servizo do Concello de Ames ocupante de praza ou categoría profesional de peón de xardinería (ou equivalentes) pertencente ao grupo profesional C3 (ou equivalente), e unha antigüidade de, cando menos, dous anos de servizo activo neste grupo profesional.

6. Segundo o previsto ao efecto no artigo 61.3 do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Ames, o persoal integrado no grupo C3 (antigo grupo V) estaría eximido deste requisito de titulación ("3. igualmente, para a promoción interna do grupo V ao grupo IV esixírase como único requisito para poder acceder aos procesos de promoción a titulación esixida par ao ingreso no Grupo V).

7. Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do permiso de conducir clase B.

8. Aboar os dereitos de exame correspondentes, que serían os propios dun grupo profesional C2, e ascenderán a 21,52 euros. Deberán ser aboados obrigatoriamente a través da folla de autoliquidación de taxas, á que se poderá acceder a través da seguinte dirección:

<https://www.concellodeames.gal/gl/tramites/oficina-virtual-tributaria>

Os dereitos de exame para os grupos anteriores estarán bonificados e terán cota cero nos seguintes casos: persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de discapacidade correspondente) e para aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, ao menos, de seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación (para o que deberá presentar o certificado de períodos de inscrición expedido pola oficina de emprego correspondente).

2. Coa acreditación do requisito sinalado no apartado e), segundo o sinalado na base seguinte, entenderanse tamén acreditado o cumprimento dos requisitos sinalados nos apartados a), b), c) e d). A acreditación dos restantes requisitos de participación realizarase conforme o sinalado na base cuarta.

#### **CUARTA.- Presentación de solicitudes.**

As solicitudes/instancias para tomar parte no proceso selectivo presentaranse, conforme ao modelo que figurará como ANEXO I das presentes bases, no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 09:00 h. a 14:00 h.), e no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da respectiva convocatoria no BOE. Igualmente, as ditas solicitudes tamén se poderán presentar por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou naquelas outras previsións normativas concordantes e/ou substitutivas deste artigo).

Xunto coa dita instancia (que inclúe, tamén, declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación e da veracidade da información achegada, con compromiso de presentación da xustificación documental no seu caso requirida), os/as aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade do aspirante.
- Certificación acreditativa de reunir o requisito sinalado no apartado e) da base terceira, emitida pola secretaría municipal ou funcionario municipal competente ao efecto.
- Copia permiso de conducir requirido no apartado h) da base terceira (permiso clase B).
- Xustificante de ter aboados os dereitos de exame, mediante folla de autoliquidación de taxas ou documento igualmente xustificativo de telas aboadas
- As persoas aspirantes que, con arranxo ao disposto no artigo 54 da LEPG desexen manifestar e facer valer a súa condición legal de discapacidade e, por tal motivo, solicitar as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios que sexan necesarios para a realización do proceso selectivo, deberano facer constar, no seu caso, na instancia de participación, xunto cos necesidades específicas alegadas para desenvolver o proceso de selección. E deberán acreditar a dita condición de discapacidade (mediante certificación expedida polos órganos competentes estatais

ou, no seu caso, autonómicos), así como a compatibilidade desta co desempeño das tarefas e funcións propias da vacante convocada (ben porque así conste na antedita certificación ou, de non ser así, e complementariamente, mediante informe técnico facultativo oficial). Para os efectos do antedito, e con arranxo ao disposto no apartado b) da disposición adicional primeira da LEPG, considerarase persoa con discapacidade aquela á que se lle teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento (ou aqueloutra situación análoga segundo a normativa vixente ao efecto). No referido ás adaptacións e xustes anteditos aplicarase as medidas previstas, ao efecto, polo Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo de las persoas con discapacidade, e pola Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, publicada no BOE do 13 de xuño de 2006, polo que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade; así como calquera outra medida que persiga a dita adaptación e non supoña un tratamento inxustificadamente diferenciado, no tocante ao contido das probas, respecto dos/as restantes aspirantes. O tribunal poderá requirir informe/ditame técnico facultativo e/ou, no seu caso, poñerse en contacto cos interesados, coa fin dunha mellor concreción e materialización dos axustes e adaptacións necesarias e procedentes.

- Relación dos méritos alegados para a súa valoración na fase concurso, xunto coa documentación acreditativa dos mesmos, e presentados con arranxo a orde que se fixa base novena.

A dita relación de méritos acompañaranse dos documentos xustificativos/acreditativos dos mesmos, e con arranxo á orde fixada, no seu caso, nas respectivas bases específicas. Debendo advertirse, a este respecto, que non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nas presentes bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, serán considerados como achega de documentación fóra de prazo e, polo tanto, non susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo

#### **QUINTA.- PUBLICIDADE**

A convocatoria, xunto co texto íntegro da bases reguladoras, serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica, así como na web municipal. Ademais, tamén se realizará, posteriormente, un anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e, por último, no Boletín Oficial do Estado (BOE), que abrirá o prazo formal de presentación de solicitudes por parte dos/as interesados/as; debendo contar, ambos, cunha referencia á publicación previamente realizada no BOP. Os restantes e sucesivos anuncios derivados destas convocatoria e proceso selectivo, así como das actuacións do Tribunal, inseriranse unicamente no taboleiro de anuncios e na web municipal; agás as resolucións de aprobación de lista provisional e definitiva de admitidos/as, que tamén se publicarán no BOP, ao igual que a resolución final sobre o/a aspirante finalmente seleccionado para a cobertura da vacante convocada, que tamén será obxecto de publicación no DOG.

#### **SEXTA.- Admisión de aspirantes**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía aprobará a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as que se fará pública no BOP, no taboleiro de anuncios e na web municipais. Na dita resolución indicaranse as persoas aspirantes inicialmente admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión.

Os/as aspirantes excluídos/as, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos, disporán dun prazo de 10 días hábiles, que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no BOP, aos efectos de subsanación das causas da súa exclusión da lista provisional de admitidos (de acordo co previsto no artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), ou para advertir os erros dos que, no seu caso, se tivera derivado a súa omisión na mesma. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

As alegacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, que será obxecto de nova publicación no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, así como na web municipal), e na que se aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as; na mesma. Tamén se determinará a composición nominativa do tribunal cualificador, e o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo. Todo iso con adecuación, en todo caso, ás previsións normativas aplicables ao respecto do dereito de acceso á información pública e a protección de datos de carácter persoal.

#### **SÉTIMA.- Tribunal cualificador.**

O tribunal adecuaranse na súa composición aos criterios de imparcialidade, profesionalidade e paridade, así como aos restantes requisitos de funcionamento previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (nomeadamente, artigos 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 59 da Lei do Emprego Público de Galicia ou, no seu caso, aquelas outras disposicións normativas aplicables), Estará conformado polos integrantes sinalados a continuación, (dos que se deberá nomear, en todo caso, titulares e suplentes), cuxa designación nominativa concreta realizarase, polo órgano convocante, xunto coa resolución de aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos/excluídos:

- Presidente, a desempeñar por unha/un funcionaria/o de carreira ou persoal laboral fixo que cumpra cos criterios sinalados no parágrafo anterior
- 3 Vogais, a desempeñar tres funcionarias/os de carreira ou laborais fixos que cumpra cos criterios sinalados no parágrafo anterior
- Secretario/a, a desempeñar por unha/un funcionaria/o de carreira que cumpra cos criterios sinalados no parágrafo anterior

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a. De tódalas reunións que celebre o tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

Os membros e asesores do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias e motivos previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das administracións públicas; e todo ilo de conformidade ao previsto, no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou aquelas outras previsións normativas concordante vixentes ao respecto. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros ou asesores do tribunal cando concorran as mesmas circunstancias de abstención anteditas, e de conformidade ao previsto no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou aquelas outras previsións normativas concordante vixentes ao respecto.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas (recabando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos)

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos para o dito asesoramento.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo ( e normativa concordante e/ou substitutiva)

En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados do sector público.

#### **OITAVA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO. CRITERIOS XERAIS**

O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, no que a fase de concurso precederá á de oposición e non terá carácter eliminatorio. Este concurso-oposición desenvolverase con arranxo ao previsto nestas bases.

Trala resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na web municipal, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, así como o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), que será obxecto de publicación nos mesmos termos.

Os sucesivos anuncios sobre a realización das probas/exercicios da fase de oposición, cualificacións, así como aquelas outras anuncios que poidan derivarse do desenvolvemento deste proceso selectivo, efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, así como e na web municipal; ao igual que a resolución final sobre o/a aspirante finalmente seleccionado para a cobertura da vacante convocada, que tamén será obxecto de publicación no BOP e no DOG (sen prexuízo da notificación ao/á interesado/a).

Durante o desenvolvemento do proceso selectivo e, nomeadamente, dos exercicios da fase de oposición, o tribunal poderá requirir aos aspirantes que acrediten a súa identidade coa exhibición do documento nacional de identidade, pasaporte ou documento de identificación equivalente. Igualmente, se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

Para a superación do proceso selectivo e, polo tanto, optar á cobertura da vacante convocada, as persoas aspirantes deberán ter superado a fase de oposición, o cal requirirá da superación de todos os exercicios que lle resulten obrigados. De non existir aspirantes que a teñan superado, a convocatoria e vacante serán declaradas desertas.

A puntuación obtida de concurso sumárase á obtida na fase de oposición, sempre que as persoas aspirantes a tivesen superado (por ter superado todos os exercicios que lle resulten obrigatorios), determinándose, así, a puntuación final.

Non se poderán declarar como seleccionados un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas.

#### **NOVENA.- SISTEMA SELECTIVO. CONCURSO-OPOSICIÓN**

O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, no que a fase de concurso precederá á de oposición e non terá, en ningún caso, carácter eliminatorio.

##### **1. Fase de concurso.**

**A fase de concurso poderá supoñer, como máximo, un total de 12 puntos**

A fase de concurso, que se realizará con carácter previo á fase de oposición, consistirá na valoración dos méritos alegados e adecuadamente acreditados polas persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo, con arranxo aos criterios sinalados nas presentes bases.

A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio, e sumárase á obtida na fase de oposición, sempre que as persoas aspirantes a tivesen superado (por ter superado todos os exercicios que lle resulten obrigatorios); determinándose, así, a puntuación final.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazos sinalados nas presentes bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, serán considerados como méritos e documentación achegada fóra de prazo e, polo tanto, non susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

Non se terán en conta outras formas de acreditación dos méritos diferentes das previstas nestas bases

Os méritos alegados e adecuadamente acreditados polas persoas aspirantes valoraranse con referencia á data de inicio do prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación.

O resultado da fase de concurso farase público mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal, antes de iniciarse a fase de oposición. Igualmente, en dito anuncio tamén se indicará a data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio da fase de oposición ou, no seu defecto, indicaranse os medios polos que será anunciada a dita celebración. Os aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións obtidas na fase de concurso, para formular alegacións ou reclamacións; que serán obxecto de estudo e estimación ou desestimación por parte do Tribunal, que adoptará acordo ao respecto e coas puntuacións definitivas, sendo obxecto de publicación na mesma forma antedita.

**Serán obxecto de valoración os méritos sinalados a continuación, xunto co sistema aplicado ao efecto:**

##### **a) A experiencia profesional, ata un máximo de 6 puntos, e con arranxo aos criterios seguintes:**

Por cada mes completo de servizos prestados no Concello de Ames en praza, posto ou categoría profesional de peón de xardinería, ou equivalentes, e pertencente ao grupo profesional C3, ou equivalente; 0,10 puntos, **ata un máximo de 6 puntos.**

Non se terán en conta fraccións de tempo inferiores ao mes

Nos supostos en que á vista da documentación acreditativa achegada polos aspirantes puideran existir dúbidas sobre a equivalencia coa vacante convocada das prazas, postos ou categorías respecto das que se alegue a experiencia, o Tribunal, poderá requirir a documentación complementaria/adicional que estime necesaria.

No caso de prazas/postos/categorías que teñan sido obxecto de previa reclasificación profesional, mediante procedementos legalmente establecidos, tomarase en consideración o grupo/subgrupo profesional formalmente recoñecido na data de apertura do prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo; e, polo tanto, todos os servizos prestados e acreditados valoraranse como desempeñados no último grupo/subgrupo de clasificación profesional.

En ningún caso se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.



Forma de acreditación documental dos servizos prestados: Mediante copia do contrato de traballo e certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. No caso de que os servizos alegados fosen como persoal funcionario, deberán acreditarse mediante a resolución de nomeamento ou a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Naqueles casos nos que da documentación anterior non se deduza claramente o posto, a praza ou a categoría nos que se terían prestado os servizos que se pretende que sexan valorados, a persoa aspirante deberá achegar, a maiores, un certificado da administración pública correspondente no que se reflectan, claramente, estes extremos.

Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos diferentes das anteditas; e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír ao contrato de traballo nin á resolución de nomeamento nin toma de posesión, podendo achegarse, en todo caso, con carácter complementario pero non substitutivo.

**b) A formación relacionada, ata un máximo de 6 puntos e con arranxo aos criterios seguintes:**

Serán obxecto de valoración os cursos e accións de formación específica, perfeccionamento ou especialización que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións e/ou competencias profesionais da vacante convocada, sempre que contén con homologación ou recoñecemento oficial (entendendo, a tal efecto, que foran impartidas, organizadas, recoñecidas e/ou homologadas por Administracións Públicas, entidades ou organismos dependentes das mesmas e/ou habilitados oficialmente aos ditos efectos formativos). Dentro dos cursos e accións de formación anteditos non se incluírán as titulacións académicas mínimas esixidas para o acceso a cada un dos distintos grupos/subgrupos de clasificación profesional (segundo o fixado no artigo 76 do TRLEBEP, ou sistema equivalente aplicable ao persoal laboral municipal); e non serán valoradas as accións/cursos de formación de menos de 10 horas.

Consideraranse accións e cursos de formación relacionados coas funcións e/ou competencias profesionais da vacante convocada e que, polo tanto, poderán ser obxecto de valoración, aqueles cuxo contido verse sobre as materias e/ou ámbitos funcionais sinalados a continuación e clasificados por áreas funcionais;

- Área funcional 1.- Xardinería, paisaxismo, botánica ou relacionados/análogos
- Área funcional 2.- Albanilería, fontanería, mecánica, prevención de riscos laborais ou relacionados/análogos
- Área funcional 3.- Réxime Local; procedemento administrativo, réxime xurídico do sector público ou relacionados/análogos

Tendo en conta o antes exposto, a valoración da formación realizarase con arranxo aos criterios seguintes:

**b.1)** Pola asistencia e superación de cursos ou accións de formación sobre materias relacionadas coa área funcional 1, segundo o indicado a continuación, e ata un máximo de 3,5 puntos

- (1) Cunha duración de 10 a 50 horas: 0,10 puntos
- (2) Cunha duración de 51 a 100 horas: 0,25 puntos.
- (3) Cunha duración de 101 a 200 horas: 0,50 punto.
- (4) Cunha duración de 201 a 300 horas: 1 punto.
- (5) Cunha duración superior de 301 a 400 horas: 1,5 puntos.
- (6) Cunha duración superior de 401 a 500 horas: 2 puntos.
- (7) Cunha duración superior de 501 a 600 horas: 2,5 puntos.
- (8) Cunha duración superior a 601 horas: 3 puntos.

**b.2)** Pola asistencia e superación de cursos ou accións de formación sobre materias relacionadas coa área funcional 2, segundo o indicado a continuación, e ata un máximo de 1,5 puntos

1. Cunha duración de 10 a 50 horas: 0,05 puntos
2. Cunha duración de 51 a 100 horas: 0,10 puntos.
3. Cunha duración de 101 a 200 horas: 0,25 punto.
4. Cunha duración de 201 a 300 horas: 0,50 puntos.
5. Cunha duración superior a 301 horas: 0,75 puntos.

**b.3)** Pola asistencia e superación de cursos/accións de formación sobre materias relacionadas coa área funcional 3, segundo o indicado a continuación, e ata un máximo de 1 punto

- a) Cunha duración de 10 a 50 horas: 0,05 puntos
- b) Cunha duración de 51 a 100 horas: 0,10 puntos.

- c) Cunha duración de 101 a 200 horas: 0,25 punto.
- d) Cunha duración de 201 a 300 horas: 0,50 puntos.
- e) Cunha duración superior a 301 horas: 0,75 puntos.

Forma de acreditación documental destes méritos: Título ou certificación expedidos pola entidade/organismo que teña impartido e/ou sexa responsable da actividade formativa e acreditativos de ter realizado o curso/acción formativa alegado. Onde deberá constar e quedar acreditado, ademais, a data de realización, a súa duración (en horas ou créditos), o seu obxecto, e a súa homologación ou recoñecemento pola Administración Pública correspondente (a dita homologación ou recoñecemento poderá acreditarse tamén, no seu caso, mediante certificación ou documento acreditativo específico)

De non terse acreditado os extremos anteditos, segundo a forma sinalada, a formación alegada non será obxecto de valoración.

No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.

Valoraranse por unha soa vez os diferentes cursos e accións formativas cun mesmo obxecto ou referidos a unha mesma materia (agás que quede claramente diferenciado que o contido tivera sido diferente, ou que se tratase de actualizacións); valorándose, unicamente, o de nivel superior, avanzado ou, de resultar coincidentes, o de data máis próxima.

Non se terán en conta outras formas de acreditación deste mérito diferentes das anteditas

## **2.- Fase de oposición.-**

### **A fase de oposición poderá supoñer, como máximo, un total de 20 puntos**

A fase de oposición consistirá no desenvolvemento dos exercicios sinalados a continuación, coa finalidade de avaliar e cualificar a capacidade das persoas aspirantes, e cuxo contido gardará relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais da praza obxecto de convocatoria.

Todos os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

As persoas aspirantes convocaranse para cada exercicio/proba da fase de oposición en chamamento único, a través da páxina web municipal, indicando a data, lugar e hora de realización; sendo excluídas dos mesmos e, polo tanto, do proceso selectivo, as que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecional e potestativamente polo tribunal. En todo caso, as causas ou razóns xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

No suposto de sexa preciso establecer unha orde de actuación/chamamento dos/as aspirantes, esta determinarase con anterioridade ao inicio dos exercicios, mediante un único sorteo celebrado logo de anuncio previo no BOP. O resultado do sorteo tamén se publicará no BOP

As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro dos dous (2) días hábiles seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación. O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente.

Dende a total conclusión dun exercicio ata o comezo do seguinte non poderán transcorrer menos de 48 horas nin mais de 40 días.

As persoas aspirantes deberan acudir ao chamamento provistas do seu DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente. Non se lle permitirá a utilización do móbil, nin de calquera outro medio electrónico nin material, agás aqueles expresamente requiridos ou permitidos por estas bases ou que, no seu caso, e por acordo expreso do Tribunal, se indiquen xunto co chamamento previo para cada exercicio/proba

Os exercicios ou probas terán lugar a porta pechada, sen outra asistencia que a dos membros do tribunal, os/as asesores ou colaboradores/as designados polo tribunal e os/as aspirantes.

O contido dos exercicios/probas deberá ser fixado polo tribunal antes da realización dos mesmos; e deberá incluír, en todo caso, preguntas de reserva para aquelas que puidesen ser anuladas (as preguntas de reserva utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polos tribunal, previo acordo motivado ao respecto).

Corresponderá ao tribunal fixar o nivel/grao de coñecementos ou acertos necesarios para acadar a cualificación mínima requirida para a superación dos exercicios; en todo caso, o nivel/grao de coñecemento fixado polo tribunal deberá

garantir a idoneidade e capacidade das persoas aspirantes. Os criterios para a corrección e cualificación dos exercicios deberán ser fixados polo Tribunal con anterioridade, de forma clara e con adecuación ao previsto nas presentes bases.

O tribunal deberá aplicar as medidas que garantan que a corrección dos exercicios se realice preservando o anonimato dos/as candidatos/as.

As cualificacións resultantes da corrección dos diferentes exercicios da fase de oposición faranse públicas, por parte do Tribunal, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web municipal. Os/as aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación. As ditas reclamacións serán obxecto de estudo e estimación ou desestimación por parte do Tribunal, que adoptará acordo ao respecto e coas puntuacións definitivas, sendo obxecto de publicación na mesma forma antedita.

**Primeiro exercicio:** Este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de sesenta (60) minutos, dun cuestionario de 40 preguntas con 3 respostas alternativas, das que só unha será a correcta, e 5 preguntas de reserva, e que gardarán relación coas materias e contidos comprendidos polo temario que figura no anexo li.

As preguntas de reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que fosen anuladas polo Tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera mais dunha anulación.

O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo.

As respostas incorrectas non puntuarán negativamente.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondendo ao Tribunal determinar cal é o nivel mínimo de preguntas acertadas para alcanzar esta puntuación mínima, e para o que se terá en conta que as respostas incorrectas non puntuarán negativamente.

**Segundo exercicio.-** Este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que teñan superado os exercicios obrigatorios previos, consistirá en desenvolver un ou varios supostos prácticos relacionados co contido funcional propio da vacante convocada e que que se corresponda, a súa vez, coas materias comprendidas polo temario que figura no anexo II.

O exercicio será determinado polo Tribunal antes da realización do mesmo. O tempo máximo para a realización do exercicio será o que estableza o Tribunal segundo a natureza e número do/s supostos/a realizar.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondendo ao Tribunal determinar cal é o nivel coñecementos necesarios para alcanzar dita nota mínima. As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes serán as medias aritméticas das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

### 3. Cualificación final.

A **puntuación final** do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fase de concurso e na de oposición (sempre que se teña superado esta última, por ter superado todos os exames obrigatorios). No caso de empate na puntuación total terase en conta, primeiramente, a puntuación obtida na fase de oposición e, de non desfacerse así o empate, acudirase á puntuación acadada na fase de concurso. En caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que se deriven da oferta de emprego público do ano en curso e/ou en execución. Nos apelidos compostos coa preposición de, da, de la, d'... a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Castro. A letra a ter en conta será a "C"). De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

#### **DÉCIMA.- Finalización do proceso selectivo. contratación do/a aspirante seleccionado/a e inicio da relación de servizo.**

1. Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública (mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, así como na web municipal) a relación e puntuación final total dos/as candidatos/as que teñan superado todos os exercicios/probas obrigatorios da fase de oposición. Propoñendo, asemade, a selección e contratación como persoal laboral fixo para a ocupación da vacante convocada daquel/a aspirante que acadara a maior puntuación (ou que, en caso de empate e trala aplicación do sistema de desempate sinalado na base anterior, resultara o primeiro),

En todo caso, para a superación do proceso selectivo e, polo tanto, optar á cobertura da vacante convocada, os aspirantes deberán ter superado todos os exercicios da oposición que lle resultan obrigados; de non ser así, e non existir



ningún aspirante que teña superado o proceso selectivo, poderase declarar deserta. E non se poderán propoñer para a súa selección e contratación a un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas.

Dita proposta que elevarase á Alcaldía para que, con arranxo ás competencias recoñecidas ao efecto, proceda a resolver a súa contratación e incorporación.

2. Así mesmo, na proposta do Tribunal tamén figurará unha relación complementaria, por orde descendente da puntuación acadada no concurso-oposición, daqueles aspirantes que, aínda que non teñan sido propostos para a selección e contratación, tiveran superado todos exercicios obrigatorios da fase de oposición; á que se acudirá, segundo a orde/prelación resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, para os supostos de imposibilidade da contratación e incorporación do/a aspirante inicialmente proposto para a cobertura da vacante convocada (xa sexa por renuncia ou ben polo incumprimento dos prazos, requisitos e/ou requirimentos documentais previstos ao efecto).

3. A persoa seleccionada deberá presentar, no prazo máximo de 20 días naturais a contar dende o día seguinte ao requirimento realizado ao efecto (que se realizará o mesmo día en que se publique no taboleiro de anuncios e web municipais a proposta do tribunal sobre o/a aspirante a seleccionar e contratar como persoal laboral fixo):

- Declaración responsable na que fará constar e manifestará (sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incurrir):

- Aceptación expresa da contratación e ocupación da praza convocada
- Seguir reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados, no momento de terse presentado ao proceso selectivo.
- Non estar incurso en causa algunha de incapacidade, nin de incompatibilidade, de conformidade coa normativa aplicable vixente, que imposibilite a ocupación e desempeño da vacante convocada
- Non estar en situación de separación, mediante expediente disciplinario, do servizo nas administracións públicas, nin de inhabilitación para o exercicio de empregos públicos, de conformidade coa normativa aplicable vixente, que imposibilite a ocupación e desempeño da vacante convocada

Se no prazo e forma indicados (agás nos casos de forza maior debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratada, e entenderase a renuncia e desestimento dos seus dereitos inherentes, sen prexuízo das responsabilidades nas que, de ser o caso, puidera incurrir por falsidade. A Alcaldía proporá e resolverá, con arranxo á orde de prelación resultante da puntuación acadada no concurso-oposición, a contratación dun/dunha integrante da relación de complementaria de aspirantes que tiveran superado a fase de oposición.

4. Cumpridos os trámites anteditos, a Alcaldía resolverá a contratación da persoa aspirante proposta ao efecto polo Tribunal, que deberá incorporarse e iniciar a relación de servizo na data sinalada ao efecto e, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o seguinte ao da publicación da dita resolución de contratación no BOP; de tal xeito que a eficacia desta resolución estará condicionada/supeditada á posterior e efectiva incorporación no prazo sinalado. Esta resolución de contratación seralle notificada á persoa interesada, e tamén será obxecto de publicación no BOP, DOG, no taboleiro anuncios físico e da sede electrónica, así como na web municipal.

De non cumprir coa incorporación, no prazo sinalado ao efecto, sen existir causa xustificada (casos de forza maior, debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), entenderase que renuncia/desiste dos seus dereitos inherentes e non procederá a incorporación efectiva, deixando sen efectos a resolución de contratación previa E a Alcaldía proporá e resolverá, con arranxo á orde de prelación resultante da puntuación acadada no concurso-oposición, a contratación dun/dunha integrante da relación complementaria de aspirantes que tiveran superado a fase de oposición.

5. A contratación como persoal laboral fixo, para a cobertura da praza obxecto de convocatoria, será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na páxina web municipal, así como no BOP e no DOG; e isto sen prexuízo da correspondente notificación ao/á interesado/a.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- NORMAIS FINAIS.**

1. Para todo o non previsto nas presentes bases, o tribunal estará facultado para resolver e interpretar as dúbidas que se puideran presentar e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso, con pleno sometemento e adecuación ás previsións normativas aplicables ao respecto,

2. Todas as referencias á Alcaldía contidas nas presentes bases entenderanse realizadas ao órgano municipal que, en cada momento, e por previsión legal ou delegación daquela, asuma idénticas competencias.

3. De acordo co disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantías de dereito dixitais. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos persoais, na medida en que a lei o permita, a persoa interesada deberá comunicalo por escrito ao Concello, achegando copia do documento que acredite a súa identidade.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. RECURSOS.**

A resolución aprobatoria desta convocatoria e bases reguladoras, e cantos actos administrativos se deriven das mesmas, así como das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados, polos interesados, tanto en vía administrativa como contenciosa, na forma e prazos establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa ou aqueloutra normativa concordante vixente ao efecto.”

**ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN****“Sr. Alcalde Concello de Ames**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ anos, con DNI \_\_\_\_\_  
e domicilio en \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_,  
da localidade \_\_\_\_\_, con teléfono \_\_\_\_\_,  
e correo electrónico \_\_\_\_\_

**EXPOÑO:**

I. Que desexo participar na **CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO DUNHA PRAZA DE OFICIAL XARDINEIRO DO CONCELLO DE AMES**

II. Que **declaro, baixo a miña responsabilidade**, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido.

**Polo exposto, SOLICITO:**

Ser admitido/a no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base 4 das bases reguladoras, a seguinte documentación:

1. Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade
2. Certificación acreditativa de reunir o requisito sinalado no apartado e) da base terceira, emitida pola secretaría municipal ou funcionario municipal competente ao efecto.
3. Copia permiso de conducir clase B, segundo o requirido no apartado h) da base terceira
4. Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación/documentación acreditativa de dita condición, e da súa compatibilidade coa funcións e tarefas propias da vacante convocada, nos termos do previsto, ao efecto, no apartado e) da base cuarta das bases reguladoras.

Si \_\_\_\_\_

Non \_\_\_\_\_

E solicito adaptación/axustes para o desenvolvemento do proceso selectivo

Si \_\_\_\_\_

(achego xunto con esta instancia necesidades específicas de adaptación/axustes solicitadas)

Non \_\_\_\_\_

5. Relación dos méritos alegados (acompañada dos xustificantes ou documentos acreditativos dos mesmos), e presentados con arranxo a orde que se fixa na base novena das bases reguladoras

Ames, a ..... de ..... de 2021

**ANEXO II.- TEMARIO**

1. Xardinería: Definición, funcións e conceptos xerais.
2. Funcións ordinarias e propias do oficio de xardineiro/a no Concello de Ames.
3. Botánica aplicada á xardinería: A planta, conceptos xerais. Morfoloxía das plantas: A raíz, o talo, as follas e as flores. Clasificación das plantas. Nomenclatura. Multiplicación de plantas; asexual e sexual.
4. Métodos de reprodución de plantas: Semente, estaca, acordos e enxertos.
5. Útiles, accesorios e materiais de uso habitual na xardinería. Ferramentas manuais: Características e usos.
6. Maquinaria pesada e maquinaria manual. Mantemento básico de maquinaria e ferramentas. Materiais auxiliares.
7. Chans. Diferentes tipos. Análise, emendas, correccións e outras actuacións ordinarias.
8. Abonos, fertilizantes e substratos. Estercos, mantillas orgánicas e minerais. Conveniencia do uso de cada un deles segundo o tipo de árbores e plantas.
9. Pragas e enfermidades máis comúns: Aplicación de tratamentos fitosanitarios.
10. Conservación de zonas verdes e xardíns: Conceptos e actuación xerais. Calendario de conservación ao longo do ano e segundo época estacional
11. Césped e pradeiras. Tipos e labores. Césped. Implantación do céspede. Preparación do terreo. Sementeira. Mantemento. Sementes e as súas clases, mesturas, a sementeira por tepes.
12. As segas: Tipoloxía. Escarificados. Aireados.
13. Plantación de árbores e arbustos.
14. Plantación de árbores, arbustos e sebes, dimensionado das fochas, época de plantación, entourado, apertura, preparación da focha, fertilización.
15. Refaldado, corrección na orientación en pólas estruturais.
16. Poda e cirurxía arbórea e de arbustos. Conceptos básicos. Clases de poda e recorte de arbustos e subarbustos. Recorte e formación de setos.
17. Diferentes tipos e sistemas de rego. Clasificación e características das instalacións. Técnicas de aforro de auga.
18. Rede de parques, xardíns e zonas verdes do Concello de Ames de titularidade e/ou uso municipal
19. Coñecemento do termo municipal de Ames. Xeografía e toponimia do Concello de Ames; Parroquias, lugares, rede de estradas/vías e rueiro. Rede de edificios e equipamentos de titularidade e/ou uso municipal
20. A prevención de riscos laborais nos traballos de xardinería; o almacenamento e manexo/utilización de abonos/fertilizantes, produtos fitosanitarios e combustibles.

Ames, 19 de febreiro do 2021

O alcalde

José M. Miñones Conde

2021/1367